



Concello de Oza-Cesuras

BASES QUE HAN DE REXER PARA A PROVISIÓN POR CONCURSO - OPOSICIÓN EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN XEFE DE BRIGADA, UN PEÓN CONDUTOR E TRES PEÓNS PARA A CREACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, 2025

1.- Obxecto da convocatoria

Constitúe o obxecto destas bases a aprobación da convocatoria e regulación do proceso selectivo para a provisión mediante contratación laboral, de duración determinada, por obra ou servizo, durante tres meses e a xornada completa (40 horas semanais), de 1 praza de xefe de brigada, 1 de peón condutor e 3 de peóns para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, para anualidade 2025 ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Oza-Cesuras para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais asinado o trinta de abril de 2025 e cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do plan estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027

2.- Obxecto dos contratos

As funcións a desenvolver consisten nas tarefas propias dos citados postos de traballo nas brigadas de prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto do convenio asinado coa Consellería do Medio Rural, consistentes na realización, por parte de todos os membros da brigada, de tarefas de limpeza de masa forestal e extinción de incendios forestais.

As persoas que compoñen a brigada realizarán os labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridas para a defensa destes, durante cada un dos tres (3) meses de operatividade da mesma, con plena dispoñibilidade, incluíndo domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias.





Concello de Oza-Cesuras

Nas labores de vixilancia e defensa de incendios, o/a xefe/a de brigada exercerá como responsable da coordinación do funcionamento da brigada nas relacións operativas e de comunicación co persoal do distrito forestal ao que pertenza a entidade local, de acordo co procedemento operativo establecido no Plan de Extinción do PLADIGA en vigor.

3. Requisitos das persoas aspirantes

1. Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutro Estado membro da U.E. ou daqueles Estados aos que se refire e nas que condicións que establece o artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder, como persoal laboral, en igualdade de condicións que as persoas españolas.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso. Os aspirantes con algunha discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas para que poidan concorrer en igualdade de condicións co resto dos aspirantes. Neste caso, aplicárase o establecido na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño (BOE do 13 de xuño de 2006), pola que se establecen os criterios para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade ou norma que no futuro a substitúa. Para estes efectos, os tribunais poderán requirir informes ou a colaboración doutros órganos administrativos ou da Administración sanitaria.



Concello de Oza-Cesuras

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, agás que por lei se estableza outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público de que se trate.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión do Certificado de Escolaridade, equivalente ou superior para as prazas de Peón Conductor e de Peóns.

Para a praza de xefe de brigada é requisito imprescindible estar en posesión **dalgunha** das titulacións seguintes: enxeñería de montes, enxeñería técnica forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente.

f) Posuír o carné de conducir tipo B.

2. Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan para cada unha das prazas, deberán reunirse con referencia ao derradeiro día de prazo de presentación das solicitudes ou instancias para tomar parte nos correspondentes procesos selectivos

4. Forma e prazo de presentación de instancias





Concello de Oza-Cesuras

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Oza-Cesuras e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). A presentación da solicitude de xeito telemático na sede electrónica deste concello realizarase a través do enlace da páxina web (www.concellodeozacesuras.es) cos certificados dixitais admitidos na mesma.'

No suposto de que a instancia non se presente no Rexistro Xeral do Concello o candidato deberá remitir copia da solicitude ao Fax 981 792025 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

O prazo para a presentación de solicitudes será dende **o día seguinte a esta publicación ata o día 27/06/2025**

2. As persoas interesadas terán á súa disposición na páxina web e no Concello o modelo de solicitude.

A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

A presentación da solicitude fora de prazo suporá a non admisión do aspirante ao proceso selectivo

3. A solicitude deberá ir acompañada por:

- a) Orixinal ou copia do DNI ou documento correspondente ao país da UE
- b) Orixinal ou copia do carné de conducir tipo B.
- c) Orixinal ou copia da documentación acreditativa de posuír a titulación esixida.
- d) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial,





Concello de Oza-Cesuras

para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

- e) Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. No seu caso, a condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.
- f) No seu caso, orixinais ou copias cotexadas dos xustificante da experiencia laboral (contratos de traballo, de constar neles a dita experiencia ou certificado expedido pola corporación local ou administración correspondente xunto con informe de vida laboral) como peón, peón-condutor ou xefe de brigada – segundo proceda– da brigada o servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais. Non se tomarán en consideración nin serán estimados aqueles servizos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

Os interesados responsabilízanse da veracidade dos documentos que presenten e, cando a relevancia do documento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia o concello poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal (artigo 28 LPACAP).

Asemade, o concello de Oza-Cesuras, agás que o interesado manifeste a súa oposición, consultará e recabará de oficio aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras así como aqueloutros que xa foran aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello sempre que indiquen en qué momento foron presentados.

5. Admisión das persoas aspirantes





Concello de Oza-Cesuras

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou órgano delegado ditará resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos.

Dita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web oficial do concello (www.concellodeozacesuras.es), deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por catro persoas, tanto titulares como suplentes, o lugar, data e hora de comezo das distintas fases do procedemento selectivo e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

6.- Tribunal seleccionador

O Tribunal seleccionador estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: funcionario/a do Concello de Oza-Cesuras.
- Vogais: 2 empregados públicos (funcionarios ou persoal laboral) do concello de Oza-Cesuras e/ou da Consellería do Medio Rural.
- Secretario: (con voz pero sen voto) o Secretario do Concello de Oza-Cesuras ou persoal funcionario en quen delegue.

Non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo preciso, en todo caso a asistencia do presidente e do Secretario.

7.- Procedemento selectivo.

O procedemento selectivo constará de dúas fases: unha de concurso e a outra de oposición.

1. **Fase de concurso:** Esta fase é previa á de oposición e non terá carácter eliminatorio. Nela estimaranse os seguintes méritos:
 - a. Por servizos prestados á Administración na categoría de xefe de brigada, peón-condutor ou peón –segundo corresponda – formando parte da brigada ou o servizo de prevención e defensa contra incendios forestais:





Concello de Oza-Cesuras

- i. No Concello de Oza-Cesuras ou antigos de Oza dos Ríos e Cesuras: 5 puntos por mes ata un máximo de 40,00 puntos.
- ii. Noutros concellos: 3 puntos por mes ata un máximo de 40,00 puntos.
- iii. Noutras Administracións públicas: 2 Puntos por mes ata un máximo de 40,00 puntos.

A estimación dos méritos, que se publicará antes do comezo da fase de oposición, farase de conformidade coa documentación que acheguen os aspirantes ao presentar a solicitude de admisión ás probas.

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

2. **Fase de oposición:** Consistirá na realización de catro probas.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único mediante anuncio no Taboleiro de Anuncios do Concello e, potestativamente, na páxina web municipal, quedando decaídos no seu dereito os solicitantes que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade.

1) *Proba escrita:*

O Tribunal convocará ás persoas candidatas, a un exame teórico, tipo test con catro respostas posibles, que terá por finalidade avaliar os coñecementos do posto, os coñecementos do territorio así como a dispoñibilidade do aspirante. Puntuarase ata un máximo de 40,00 puntos. A falta de presentación do aspirante á proba teórica significará a súa exclusión inmediata do proceso selectivo.

2) *Proba entrevista:*

As persoas que superen a nota de corte que estableza a comisión seleccionadora pasaran a fase de entrevista, onde se terá en conta a súa experiencia laboral, interese no posto, capacidade de traballo en equipo, etc. Puntuarase ata un máximo de 20,00 puntos.





Concello de Oza-Cesuras

3) Proba Médica:

Terá un resultado de apto/non apto. Realizaranse os análises e controis establecidos. No caso de resultar non apto, suporá a exclusión inmediata do proceso.

4) Proba física de esforzo:

Terá a cualificación de apto/non apto. Consistirá en camiñar 3.200 m sobre terreo chan cun peso de 11 Kg ás costas nun tempo máximo de 30 minutos ou na proba do banco, aínda sen concretar. Os aspirantes deberán vir provistos de zapatillas de deporte e dunha mochila cargada co peso antedito. Non está permitido correr durante a realización. Recoméndase levar roupa lixeira transpirable e permítase levar líquidos para hidratación. No caso de resultar non apto, suporá a exclusión inmediata do proceso.

No suposto de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas, non será preciso a realización do proceso selectivo, sempre que os/as candidatos/as presentados reúnan todos os requisitos esixidos na convocatoria.

8.- Relación de seleccionados

Unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, e por orde de puntuación decrecente, que será especificada numericamente, a relación ou listaxe de seleccionados e elevará a dita relación, xunto coa acta da derradeira sesión e a proposta de contratación, que terá carácter vinculante, á Alcaldía para os efectos de formalizar os contratos laborais.

Tamén poderá publicarse unha listaxe de persoas suplentes cos que se formará unha bolsa de traballo para cubrir posibles renuncias ou outras vacantes, ou para atender necesidades imprevistas.

No caso de que non se presentase ningún candidato ou con motivo das renuncias non se levaren a cabo as contratacións efectuarase unha nova convocatoria urxente.

9.- Documentación



Concello de Oza-Cesuras

As persoas aspirantes propostas para formalizar o contrato laboral, deberán presentar nun prazo máximo de dous días naturais dende a publicación da lista de candidatos seleccionados, os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da Tarxeta Sanitaria ou número da Seguridade Social.

No caso de que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

10.- Contratación

Concluído o proceso selectivo e presentados os documentos a que se refire a base anterior, a Alcaldía, de acordo coa proposta do órgano de selección, procederá a acordar a contratación do persoal laboral temporal.

Será requisito imprescindible para o inicio da brigada contar cun xefe de brigada, un peón condutor e dous ou tres persoas coa categoría peón de brigada.

O comezo de operatividade das labores de vixilancia e defensa terá lugar durante o mes de xullo, e só por causas debidamente motivadas e con autorización da Dirección Xeral de Defensa do Monte podería autorizar a prorroga do inicio da operatividade ata como máximo o 15 de agosto. Data na que de non contar co persoal mínimo para o inicio da brigada, desistírase da continuación do presente proceso selectivo.

11.- Resolución de incidencias

O Tribunal de selección poderá resolver todas as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e adoptar os acordos que resulten procedentes, os cales se publicarán no Taboleiro de Edictos do Concello e, no seu caso, na páxina web do Concello de Oza-Cesuras (www.concellodeozacesuras.es)





Concello de Oza-Cesuras

Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE,

Asdo.- José Pablo González Cacheiro

